

## **IV CONFERENCIA DE PRESIDENTAS/ES DAS ASEMBLEAS LEXISLATIVAS DAS REXIÓNS DE EUROPA (CALRE)**

Santiago de Compostela, 30 e 31 de outubro de 2000

### **1. A CARTA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA**

No Consello Europeo de Colonia do 4 de xuño de 1999, na súa conclusión número 44, acordouse a elaboración dunha Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea. Neste sentido dicíase que “o Consello Europeo entende que, no actual estado de evolución da Unión Europea, habería que resumir e poñer de relevo unha carta dos dereitos fundamentais vixentes a nivel da Unión”, e na conclusión seguinte aprobábase que para tal fin se adoptaba a decisión de que a futura presidencia finlandesa preparase para a reunión do Consello de Europa de Tampere, que se celebraría os días 15 e 16 de outubro de 1999, a creación das condicións para a posta en práctica da devandita decisión.

Segundo o anexo IV do Consello Europeo de Colonia esta Carta deberá incluír os dereitos de liberdade e igualdade, os dereitos económico-sociais e os principios procesuais fundamentais, tal e como se recollen no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e como resulten das tradicións constitucionais comúns dos estados membros, como principios xerais do dereito comunitario. A Carta debe conter así mesmo os dereitos básicos que corresponden plenamente aos cidadáns da Unión.

Pola súa parte o Parlamento europeo, que veu solicitando a elaboración dunha Carta durante moitos anos, acolleu a decisión de xeito moi favorable e na súa Resolución do 16 de setembro de 1999, precisamente sobre o Consello Europeo de Colonia, o Parlamento afirmou que a Carta “constitúe unha das súas prioridades de carácter constitucional” e subliñou a necesidade dun “enfoque aberto e innovador no que se refire ao carácter da Carta e á natureza dos dereitos que deberán figurar nela, así como á súa función e ao seu estatuto dentro da evolución constitucional da Unión”.

Seguindo as liñas xerais marcadas polas conclusións da presidencia alemá, o Consello Europeo de Tampere delimitou a composición e o método de traballo dun órgano competente que tiña que estar composto por representantes tanto dos estados como da Comunidade Europea, e que tería a tarefa de redactar un texto cos dereitos fundamentais aplicables na Unión Europea. Este órgano competente acabou converténdose o día 1 de febreiro do presente ano na Convención da que logo falaremos e que é a que veu elaborando esta Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea.

Agora ben, esta decisión tomada o pasado ano ten xa uns precedentes na propia Unión Europea. Ademais das resolucións que veu adoptando o Parlamento europeo neste sentido e que culminan coa antes indicada de setembro de 1999, hai que recordar que dende finais dos anos sesenta o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas veu desenvolvendo unha notable xurisprudencia sobre dereitos fundamentais que influenciou en gran xeito a evolución na protección dos dereitos fundamentais a nivel comunitario e

que ademais axudou a cubrir a lagoa legislativa que existía neste campo. Neste sentido convén recordar que o Tribunal declarou que o respecto e os dereitos fundamentais forma parte integrante dos principios xerais do dereito comunitario, polo que é función do propio Tribunal asegurar o seu respecto.

Polo que se refire á evolución do dereito orixinario hai que recordar que a Acta única europea de 1986 xa no seu preámbulo se refería a que os estados membros deben traballar conxuntamente para promover o principio democrático, utilizando como base os dereitos fundamentais recollidos nas constitucións e leis dos estados membros, no Convenio europeo de dereitos humanos e na Carta social europea.

En 1992 o Tratado de Maastricht deu un paso máis e veu consagrar a xurisprudencia do Tribunal no seu preámbulo, confirmando a adhesión da Unión aos principios de liberdade, democracia e respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e do Estado de dereito.

Destacables son os artigos f e I do Tratado que acabaron converténdose no artigo 6.2 e no artigo 46 do Tratado da Unión Europea. En conxunto coas referencias expresas aos dereitos fundamentais, o Tratado de Maastricht introduciu o concepto da “cidadanía europea” coa finalidade de “reforzar a protección dos dereitos e intereses dos nacionais dos seus estados membros”. Esta cidadanía confírelles aos cidadáns europeos unha serie de dereitos civís e políticos.

Pero foi o Tratado de Amsterdam de 1997 o que deu o paso decisivo como compromiso da Unión para protexer os dereitos fundamentais. A redacción do preámbulo e dos artigos referidos aos dereitos fundamentais que xa contiña o Tratado de Maastricht é máis ou menos a mesma, se ben hai dúas importantes modificacións, que son o artigo 6.1 e o artigo 7. No artigo 6.1 establécese, seguindo o preámbulo do Tratado de Maastricht, que a Unión se basea nos principios de liberdade, democracia, respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e o Estado de dereito, principios que son comúns aos estados membros.

Pola súa parte o artigo 7, tamén incorporado no Tratado de Amsterdam, supón un avance importante xa que outorga funcións de control nesta materia por parte do Consello. Concretamente establécese que o Consello, reunido na súa composición de xefes de Estado ou de Goberno, por unanimidade e por proposta dun terzo dos estados membros ou da Comisión e logo de ditame conforme do Parlamento europeo, poderá constatar a existencia dunha violación grave e persistente por parte dun Estado membro de principios contemplados no apartado 1 do artigo 6 —antes salientado—; neste sentido o Consello, actuando por maioría cualificada, pode entón decidir a suspensión de certos dereitos derivados do tratado ao Estado membro de que se trate, incluído o dereito de voto no Consello.

Con estes precedentes, e coa decisión adoptada nos consellos europeos de Colonia e de Tampere, púxose en marcha a Convención que vén elaborando a Carta europea de dereitos fundamentais. O máis novidoso deste procedemento é a propia composición

acordada en Tampere e que supón que esta estea integrada por sesenta e dous membros, que son por un lado quince representantes dos xefes de Estado ou de Goberno dos estados membros, máis un representante do presidente da Comisión Europea, dezaseis deputados do Parlamento Europeo nomeados por este e trinta deputados dos parlamentos nacionais (dous por cada Parlamento), nomeados polos propios parlamentos nacionais.

A Convención elixiu un presidente, que recaeu no representante do Goberno alemán, Roman Herzog, e tres vicepresidentes. A composición da Convención é moi innovadora, tratándose dun órgano composto por delegados tanto do lexislativo como do executivo, dos niveis comunitario e nacional. Como se indicou, a implicación dos parlamentos nacionais no proceso resultou de especial importancia á vista das súas repetidas peticións para desempeñar un papel máis relevante no proceso lexislativo comunitario.

Ademais na Convención existen membros observadores, que son dous representantes do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e dous delegados do Consello de Europa, incluíndose neste caso un delegado do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. É de salientar a implicación do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, dado o papel decisivo que o Tribunal veu xogando, como dicíamos antes, dende os anos sesenta na protección dos dereitos fundamentais da cidadanía da Unión Europea.

Polo que se refire á participación de delegados do Consello de Europa, ten especial importancia, sobre todo á hora de resolver a cuestión da relación entre esta futura Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea e o Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais.

Por outro lado, hai que destacar que outras institucións da Unión Europea, como o Comité Económico-Social, o Valedor do Pobo ou o Comité das Rexións, foron invitados tamén a dar a súa opinión. Pero a participación non rematou aquí. Está a ser un proceso transparente ata tal punto que se pode acceder a todo a documentación a través da Internet, tiveron lugar unha morea de sesións públicas e de audiencias con organismos, grupos sociais ou expertos, e mesmo se abriron debates na rede, para que calquera cidadán puidera intervir e dar a súa opinión. Non foi alleo a iso, e querernos recordalo aquí, a celebración do Segundo Foro sobre o Parlamento Europeo e Asuntos Rexionais, que tivo lugar en Barcelona os pasados días 9 e 10 de xuño, e que tratou precisamente sobre a “Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea, no marco da Conferencia Intergobernamental 2000, e o papel dos parlamentos autonómicos”, que foi organizado pola Oficina en España do Parlamento europeo e o Instituto Europeo de Administración Pública e ao que asistiron deputados e letrados das comisións de asuntos europeos dos nosos parlamentos autonómicos.

O proxecto ademais tivo unha tramitación parlamentaria importante e sobre a Carta pronunciáronse as comisións do Parlamento europeo de Asuntos Constitucionais; Liberdades e Dereitos dos Cidadáns, Xustiza e Asuntos Interiores, Dereitos da Muller e Igualdade de Oportunidades; Peticións; Emprego e Asuntos Sociais; Asuntos Xurídicos e Mercado Interior; así como a de Asuntos Exteriores, Dereitos Humanos, Seguridade Común e Política de Defensa. Finalmente o Parlamento europeo aprobou a súa

Resolución do 16 de marzo de 2000. O que comezou sendo unha Carta na que se formulaban tres grupos de dereitos, os primeiros referidos á igualdade e liberdade, os segundos aos dereitos básicos e os terceiros aos dereitos económicos e sociais, rematou por converterse nun texto que está integrado nestes momentos por cincuenta e catro artigos precedidos por un preámbulo.

O texto está estruturado en seis capítulos que levan como epígrafes: dignidade, liberdades, igualdade, solidariedade, cidadanía e xustiza, aos que hai que engadir un sétimo capítulo referente a disposicións derradeiras.

Na reunión do Consello Europeo celebrada en Santa Maria da Feira, durante a presidencia portuguesa, na súa conclusión número catro valorouse positivamente a elaboración desta Carta dos dereitos fundamentais e o Consello Europeo instou a Convención a seguir traballando segundo o calendario establecido no mandato dado polo Consello Europeo de Colonia.

No recente Cumio europeo informativo de Biarritz, celebrado os pasados días 13 e 14 de outubro, o Consello Europeo, tras escoitar o informe exposto polos vicepresidentes da Convención —entre eles o español Iñigo Méndez de Vigo, presidente da Delegación do Parlamento europeo—, aprobou por unanimidade o contido da Carta de dereitos fundamentais, congratulándose polas achegas deste texto ao modelo de valores e de sociedade que constitúe a Unión Europea.

En todo caso, acordouse que unha vez aprobado formalmente pola Comisión Europea e o Parlamento europeo o texto se proclamase solemnemente no Consello Europeo de Niza do mes de decembro. Xa ao inicio do Cumio de Biarritz a presidenta do Parlamento europeo na súa intervención manifestou o desexo deste de que a Carta europea de dereitos fundamentais deberá integrarse no Tratado, polo que deixaba aberta a posibilidade de revisión dos artigos 6 e 7 deste, co fin de evitar que a Carta tivese unicamente un carácter declarativo xa que o seu contido, indica a presidenta Nicole Fontaine, debe supoñer uns dereitos fundamentais admitidos e respectados, con forza de lei, en todo o territorio da Unión.

## **2. PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE**

Neste contexto da elaboración da Carta europea de dereitos fundamentais queremos deternos na proposta do artigo 37 dentro do título referente á solidariedade e que regula a protección do medio ambiente. O devandito precepto establece que as políticas da Unión integrarán e garantirán conforme o principio de desenvolvemento sostible un alto nivel de protección do medio ambiente e a mellora da súa calidade.

Con este artigo a Carta europea de dereitos fundamentais quere regular un dereito ao que se mostraron especialmente sensibles as europeas e os europeos nos últimos anos.

A deterioración do medio ambiente dentro e fóra da Unión Europea, a necesidade de gozar dunha mellor calidade de vida e o propósito de deixar ás xeracións futuras un

mundo ecoloxicamente mellor son algunhas das razóns que levaron a introducir este artigo 37 no texto da Carta aprobada en principio no Cumio de Biarritz.

Neste sentido non convén esquecer que o título XIX do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (TCE) establece a competencia comunitaria en materia de medio ambiente e este principio concrétese ademais nunha serie de medidas de aplicación que delimitan o alcance deste dereito. Os artigos 174, 175 e 176 do TCE así o recollen e concretamente o texto que se propón como artigo 37 da Carta europea de dereitos fundamentais é un resumo do artigo 174.1 do TCE, que establece que a política da Comunidade no ámbito do medio ambiente contribuirá a acadar os seguintes obxectivos, entre os que atopan precisamente a conservación, a protección e a mellora da calidade do medio ambiente, a protección da saúde das persoas e a utilización prudente e racional dos recursos naturais.

Xa o Parlamento europeo insistiu na súa Resolución do 16 de marzo de 2000 na regulación na Carta da protección ao medio ambiente de xeito innovador, ofrecendo protección xurídica a todas as persoas da Unión Europea fronte ás novas ameazas que pesan sobre este dereito fundamental entre outros.

O tema do medio ambiente é especialmente importante dende a perspectiva das rexións europeas, dado que na maior parte dos casos, ben como lexislación concorrente ou como desenvolvemento da lexislación ditada polo Estado, correspóndelles aplicar as políticas de medio ambiente que ademais en moitos casos son ditadas directamente polas institucións comunitarias. Neste sentido convén recordar que no marco da Constitución española o artigo 148.1.9.º establece que as comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia de protección do medio ambiente, existindo unicamente a limitación establecida no artigo 149.1.23 tamén da Constitución española, no sentido de que é competencia do Estado a lexislación básica sobre protección do medio ambiente, engadíndose no devandito precepto que en todo caso sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección. Tamén debemos referirnos a que dentro do título I da Constitución, que regula a parte dogmática, concretamente dentro do capítulo III, que regula os principios reitores da política social e económica, está o artigo 45, que establece que todos teñen dereito a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo, engadíndose ademais que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e de entender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Esta previsión que fai a Constitución española ten tamén o seu reflexo nos estatutos de autonomía e no desenvolvemento lexislativo e na execución en materia de protección do medio ambiente por parte das comunidades autónomas, no caso de España.

### **3. A DECLARACIÓN DE BISCAIA**

Así pois, as políticas de medio ambiente constitúen un elemento especialmente importante dende unha perspectiva ao mesmo tempo europea e rexional. É por iso polo

que valoramos moi positivamente a Declaración de Biscaia sobre dereito ao medio ambiente, que foi aprobada o 12 de febreiro de 1999, no curso dun seminario internacional sobre o medio ambiente que se celebrou en Bilbao baixo os auspicios da UNESCO e do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos.

A dita declaración, que comprende nove artigos, supón un compromiso con esa protección ao medio ambiente que precisamente propón o artigo 37 da Carta europea de dereitos fundamentais.

A Declaración de Biscaia no seu artigo 1 fixa cal é o dereito ao medio ambiente, para no seu artigo 2 regular a protección do medio ambiente dende a perspectiva dun deber que se ten respecto del.

Os demais preceptos refírense á necesidade de deixar para xeracións futuras un medio ambiente san e ecoloxicamente equilibrado, así como que haxa transparencia administrativa por parte dos poderes públicos e organismos internacionais en todos os asuntos que teñen relación co medio ambiente; que debe existir un recurso efectivo para toda persoa ou grupo de persoas cuxo dereito ao medio ambiente fose violado ou ben que se posúa información sobre a devandita violación, así como que exista un dereito á reparación cando se produza algún tipo de violación ou dano. Noutra orde de cousas a declaración pretende tamén fixar criterios sobre educación e sensibilización respecto do medio ambiente, considerar que é unha responsabilidade compartida por todos os cidadáns a protección do medio ambiente e, finalmente, no último artigo propónse que os estados, as organizacións internacionais e os poderes públicos en xeral deben adoptar as medidas necesarias para garantir o dereito a un medio ambiente san e ecoloxicamente equilibrado, tal e como se define na Declaración.

A Declaración de Biscaia vai acompañada por outro lado por unha resolución de seguimento desta que na parte que nos corresponde, é dicir, dende a perspectiva do plano europeo, no punto b.2 establece que esta Declaración se remitirá a todas as institucións da Unión Europea competentes en materia de medio ambiente. En particular, o Parlamento europeo, dise, podería examinar se a Declaración de Biscaia pode ser transformada nun texto de dereito comunitario.

Esta Declaración, que vén resumir esa reivindicación de todos os cidadáns e cidadás a favor dun medio ambiente san e equilibrado, recibiu o apoio da Conferencia de Presidentes de Parlamentos de Comunidades Autónomas Españolas, que se reuniu en Santiago de Compostela o 21 de xaneiro do presente ano, manifestándose a adhesión a esta e comprometéndose a dar traslado dela aos seus parlamentos respectivos. Agora con motivo da celebración da reunión da CALRE, tamén en Santiago de Compostela, parece un momento oportuno para que dende esta se realice a adhesión a esta Declaración de Biscaia sobre o dereito ao medio ambiente que permita manifestar deste xeito a opinión das asembleas lexislativas das rexións de Europa nun tema ao que son especialmente sensibles na medida en que constitúen nos seus estados respectivos o poder lexislativo máis próximo aos seus cidadáns.

Neste sentido conviría igualmente aproveitar esta ocasión para volver relanzar o papel que debe cubrir a CALRE no contexto europeo, continuando as relacións que se viñan mantendo co Parlamento europeo e de xeito concreto a presenza da CALRE na actual Comisión de Política Rexional, Transportes e Turismo, é dicir, a que na anterior lexislatura do Parlamento europeo era a Comisión de Política Rexional. É importante que poidan participar con voz representantes da CALRE en principio nesta Comisión e quizais sería conveniente tamén naquelas outras que tratasen temas que puidesen afectar directamente ás rexións europeas. Nesta orde de cousas a CALRE debe impulsar a creación de comisións de asuntos europeos nas asembleas lexislativas das rexións de Europa alí onde non existan, así como fomentar elementos de coordinación tanto a nivel europeo como a nivel nacional, cousa que no caso español se iniciou recentemente coa convocatoria que realizaron as Cortes de Aragón, en Zaragoza, o pasado mes de maio, para unha primeira reunión das comisións de asuntos europeos dos parlamentos autonómicos españois.

\*\*\* \*\*

## DECLARACIÓN DE BISCAIA SOBRE O DEREITO HUMANO AO MEDIO AMBIENTE

O Seminario Internacional sobre o Dereito ao Medio Ambiente, celebrado en Bilbao do 10 ao 13 de febreiro de 1999 baixo os auspicios da UNESCO e do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos,

CONSIDERANDO que xa en 1972 a Declaración da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Humano, no seu principio I, proclamou que o home ten o dereito fundamental á liberdade, á igualdade e ao gozo de condicións de vida adecuadas nun medio ambiente de calidade tal que lle permita levar unha vida digna e gozar de benestar, e ten a solemne obriga de protexer e mellorar o medio ambiente para as xeracións presentes e futuras,

CONSIDERANDO que posteriormente a Declaración de Rio de Janeiro sobre medio ambiente e o desenvolvemento de 1992 sinalou que os seres humanos constitúen o centro das preocupacións relacionadas co desenvolvemento sostible e que teñen dereito a unha vida saudable e produtiva en harmonía coa natureza,

CONSIDERANDO que instrumentos de carácter rexional, tales como a Carta africana dos dereitos humanos e dos pobos de 1981, o Protocolo de San Salvador sobre dereitos económicos, sociais e culturais de 1988 e o Convenio sobre o acceso á información, a participación pública na toma de decisións e o acceso á xustiza en cuestións ambientais, adoptado pola Cuarta Conferencia Ministerial para o Medio Ambiente en Europa celebrada en Dinamarca do 23 ao 25 de xuño de 1998, tamén desenvolveron o principio así formulado,

CONSIDERANDO así mesmo a Convención sobre a diversidade biolóxica de 1992, a Convención marco das Nacións Unidas sobre o cambio climático de 1992, a Convención

das Nacións Unidas de loita contra a desertización nos países afectados por seca grave e/ou desertificación, en particular en África en 1994, e o Convenio 169 da Organización Internacional do Traballo sobre pobos indíxenas e tribais en países independentes de 1989,

CONSIDERANDO que a Resolución 45/94, adoptada o 14 de decembro de 1990 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, declara que toda persoa ten o dereito a vivir nun medio ambiente adecuado para garantir a súa saúde e o seu benestar,

CONSIDERANDO que o Instituto de Dereito Internacional, na súa sesión de Estrasburgo en 1997, declarou que “todo ser humano ten dereito a vivir nun medio ambiente san”,

CONSIDERANDO que cada vez máis constitucións nacionais proclaman o dereito ao medio ambiente,

SUBLIÑANDO que o dereito ao medio ambiente é inherente á dignidade de toda persoa, e que está necesariamente vinculado coa garantía dos demais dereitos humanos, incluíndo, en particular, o dereito ao desenvolvemento,

SUBLIÑANDO a universalidade, indivisibilidade e interdependencia de todos os dereitos humanos,

RECOÑECENDO que o dereito ao medio ambiente pode exercerse, tanto a título individual como en asociación con outras persoas, ante os poderes públicos e que ha de ser protexido mediante a acción solidaria de todos os protagonistas da vida social: individuos, comunidades, poderes públicos e entidades privadas,

CONSIDERANDO que non se pode exercer o dereito ao medio ambiente se non se dispón de información en cantidade e calidade abunda,

SUBLIÑANDO a necesidade de que o dereito humano ao medio ambiente sexa recoñecido nun instrumento xurídico de alcance universal,

PROPÓN, polo tanto, á comunidade internacional e, en especial, ás Nacións Unidas e organizacións de carácter mundial e rexional, que examinen a Declaración de Biscaia sobre o dereito ao medio ambiente e, se é o caso, adopten as medidas oportunas para o recoñecemento efectivo do devandito dereito.

## Artigo 1. Dereito ao medio ambiente

Toda persoa, tanto a título individual coma en asociación con outras, ten o dereito a gozar dun medio ambiente san e ecoloxicamente equilibrado.

O dereito ao medio ambiente é un dereito que pode exercerse ante os poderes públicos e entidades privadas, sexa cal sexa o seu estatuto xurídico en virtude do dereito nacional e internacional.



O dereito ao medio ambiente débese exercer de forma compatible cos demais dereitos humanos, incluído o dereito ao desenvolvemento.

Toda persoa ten dereito ao medio ambiente sen ningún tipo de discriminación por motivos de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole.

## Artigo 2. Deber de protección do medio ambiente

Toda persoa, tanto a título individual como en asociación con outras, ten o deber de protexer o medio ambiente e de fomentar a devandita protección no ámbito nacional e internacional.

Os poderes públicos e as organizacións internacionais teñen a responsabilidade de protexer e, se é o caso, restaurar o medio ambiente por todos os medios que entren no ámbito da súa competencia.

Esta responsabilidade levarase a cabo, en particular, mediante:

- A protección, conservación, eventual restauración e prevención da deterioración da biosfera, xeosfera, hidrosfera e atmosfera.
- O uso racional e sostible dos recursos naturais.
- A promoción de modelos de produción e consumo que contribúan ao desenvolvemento sostible.
- A integración das esixencias para a protección do medio ambiente nas políticas públicas e nas actividades privadas, tendo en conta o principio de non discriminación.

Todos os estados, e en particular os estados veciños, deberán cooperar entre si na defensa do medio ambiente e na loita contra a contaminación sexa cal fose a súa orixe.

Os estados velarán para que non se introduzan modificacións desfavorables e irreversibles do medio ambiente que poidan attentar contra a saúde das persoas e o benestar colectivo.

## Artigo 3. Dereito ao medio ambiente e as xeracións futuras

As xeracións futuras teñen dereito a herdar un medio ambiente san e ecoloxicamente equilibrado. O Estado ten a obriga de vixiar a calidade e a diversidade do medio ambiente e, en particular, de avaliar anticipadamente as consecuencias a longo prazo para o medio ambiente da realización ou execución de grandes proxectos.

## Artigo 4. Transparencia administrativa e dereitos das persoas en materia medioambiental

Os procedementos de decisión dos poderes públicos e dos organismos internacionais sobre os asuntos que teñen relación co medio ambiente rexeranse polo principio de transparencia. Este principio esixe o recoñecemento dos dereitos de participación, acceso á información e a ser informado.

Toda persoa ten o dereito, por si, en asociación con outras ou a través dos seus representantes, a participar na elaboración das políticas públicas e de calquera medida relativa ao medio ambiente.

Así mesmo, calquera persoa ten dereito a acceder á información sobre o medio ambiente sen necesidade de acreditar un interese determinado. Este dereito soamente poderá ser limitado por motivos xustificados e establecidos legalmente. O dereito a ser informado será garantido, ademais, mediante a publicación e difusión de informes periódicos sobre o estado do medio ambiente.

#### Artigo 5. Dereito a un recurso efectivo

Toda persoa ou grupo de persoas cuxo dereito a un medio ambiente san e ecoloxicamente equilibrado fose violado, ou que posúa información sobre a devandita violación, deberá ter un recurso efectivo ante unha instancia nacional e internacional.

#### Artigo 6. Dereito á reparación

Calquera persoa ou grupo de persoas cuxo dereito a un medio ambiente san e ecoloxicamente equilibrado fose violado e sufrira dano ambiental terá dereito a esixir e obter a reparación correspondente, sen prexuízo da restauración do medio ambiente.

#### Artigo 7. Educación e sensibilización sobre o medio ambiente

A educación e a sensibilización, en todos os seus niveis e por todos os medios, deben capacitar as persoas para desempeñar un papel útil na protección do medio ambiente.

Os estados e as organizacións internacionais deberían adoptar as medidas educativas necesarias para asegurar o respecto e a protección do dereito das persoas a un medio ambiente san e ecoloxicamente equilibrado.

As medidas sinaladas no punto anterior deberían incluír programas de ensino e de educación, coa colaboración das organizacións non gobernamentais.

#### Artigo 8. Responsabilidade compartida

En consonancia cos principios de solidariedade internacional e responsabilidade compartida pero diferenciada sobre a protección do medio ambiente, os países desenvolvidos deberían fortalecer a cooperación cos países en vías de desenvolvemento.

#### Artigo 9. Aplicación do dereito ao medio ambiente

Os estados e as organizacións internacionais deberían adoptar todas as medidas necesarias para garantir o dereito a un medio ambiente san e ecoloxicamente equilibrado recoñecido nesta Declaración.

Os poderes públicos deberían elaborar e manter actualizada a información sobre o medio ambiente que lles concirna, establecendo sistemas para a súa recompilación e clasificación. Así mesmo, a dita información referirase a actividades existentes ou en proxecto que poidan afectar ao medio.

Igualmente, os estados e as organizacións internacionais deberían, apoiándose na cooperación e solidariedade internacionais, erradicar a pobreza, pola súa íntima vinculación co dereito ao medio ambiente, adoptando as medidas necesarias e adecuadas para lograr este obxectivo.

Na execución das medidas necesarias para garantir o exercicio efectivo do dereito ao medio ambiente, debería prestarse unha especial atención ás persoas e aos grupos vulnerables.

*Feita en Bilbao o día 12 de febreiro do ano 1999.*

#### **4. CONCLUSIÓNS. DECLARACIÓN FINAL**

Por todo iso, felicitándonos polo método utilizado pola Convención que elaborou esta Carta, avogando porque se utilice nas próximas conferencias intergubernamentais e solicitando que no futuro participe tamén a CALRE, como conclusión deste relatorio expoñeríamos catro puntos finais:

Un. A CALRE manifesta o seu apoio á elaboración e aprobación dunha Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, que recolla os dereitos e as liberdades fundamentais do cidadán europeo, así como a xurisprudencia constante do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, que recoñeceu eses dereitos e liberdades como parte integrante dos principios xerais do dereito e como fonte prioritaria para a creación, aplicación e interpretación do dereito comunitario primario.

Dous. A CALRE defende a necesidade de protexer os dereitos e as liberdades fundamentais mediante o recoñecemento ás persoas físicas e xurídicas do dereito á interposición do recurso de nulidade contra os actos xurídicos das institucións comunitarias, de conformidade co establecido no parágrafo cuarto do artigo 230 do TCE.

Tres. A CALRE manifesta o seu apoio e adhesión á declaración de Biscaia sobre o dereito ao medio ambiente, aprobada en Bilbao o 12 de febreiro de 1999, por entender que existe un dereito fundamental a gozar dun medio ambiente san e ecoloxicamente equilibrado.

Catro. A CALRE recomenda a incorporación da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea ao novo Tratado ou a súa consolidación como documento xuridicamente vinculante, co fin de garantir a súa protección dentro do ordenamento xurídico comunitario.